



O muíño da Baldoña  
bota silvas darredor,  
os mozos que van alí  
todos perden a color.

O muíño de meu pai  
eu ben lle sei o tempero:  
cando está alto beixalo,  
cando está baixo erghe-lo.

Neniña ó teu portelo  
atravésalle un ramallo,  
o meu becerro é veceiro  
pódeche brincar no prado.

Miña nai doume unha tunda  
coa faldra da camisa,  
miña nai, teña vergonza,  
que vén a xente da misa.

Miña nai doume unha tunda  
co aro dunha peneira,  
miña nai, teña vergonza,  
que vén a xente da feira.

I-o cura e maila criada  
ordenaron de cocer-e,  
a leña estaba no monte  
a fariña por moer-e.

Xa non vou, non vou,  
xa non vou alá,  
na casa do cura  
qué me quererá?  
qué me quererá?  
qué me ha de querer?  
ten unha sobriña,  
que lla vaia ver.

Entrei na casa do cura  
e non vin máis que unha cama,  
érase de supoñer  
que dormía coa criada.



Xa non vou, non vou,  
xa non vou alá,  
na casa do cura  
qué me quererá?  
qué me quererá?  
qué me ha de querer?  
ten unha sobriña,  
que lla vaia ver.